

UNA MUJER FANTÁSTICA

[Sebastián Lelio, 2017]

296

ESTREA EN NUMAX: 12.10.2017 | V.O. | +12

Una mujer fantástica (2017, 104')

Dirección: Sebastián Lelio

Guión: Sebastián Lelio, Gonzalo Maza

Elenco: Daniela Vega, Francisco Reyes, Luis Gnecco, Aline Küppenheim, Amparo Noguera

Son: Isaac Moreno

Montaxe: Soledad Salfate

Fotografía: Benjamín Echazarreta

Dirección de arte: Zimon Briceno, Mario Ricci

Produtoras: Fabula, Muchas Gracias (Chile), Setembro Cine (España) Komplizen Film, Zweites Deutsches Fernsehen (Alemaña), Arte (Francia)

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Disobedience, 2017

Gloria, 2013

El año del tigre, 2011

Navidad, 2009

La sagrada familia, 2010

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial),

Munich 2017 (Sección Oficial)

SINOPSE

Marina é unha moza camareira e aspirante a cantante; Orlando é dono dunha imprenta. Ambos planean un futuro xuntos. Cando Orlando morre repentinamente, Marina vese obrigada a se enfrontar á súa familia e á sociedade para demostrar o que ela é: unha muller complexa, forte, honesta... fantástica.

«O director chileno Sebastián Lelio e a estrela Daniela Vega danlle á categoría crecente do drama transexual unha nova e luminosa pedra de toque»

Guy Lodge, VARIETY



“Marina ama profundamente e iso dálle a posibilidade de quererse a si mesma”

Entrevista con Daniela Vega

Quen é Marina Vidal, a protagonista do filme? Marina Vidal é unha moza de 27 anos, camareira, cantante, parella de Orlando con que vive unha relación adulta, cariñosa, resolta pese á diferenza de idade e de clases sociais. Marina, sen ser perfecta, é unha muller a proba de todo, cun nivel de compromiso coa súa propia vida impresionante. Ama profundamente e iso dálle a posibilidade de quererse a si propia e de superar calquera adversidade. É valente, unha loitadora a quen o mundo pon a proba. Ten unha forza vital contra vento e marea. Hoxe, mentres todos dalgún xeito estamos á beira do precipicio, ela nin sequera o mira e busca a beleza. Entende que nin a morte de Orlando nin o que significa para os demais que ela sexa trans, impedirán que siga adiante.

Que significou interpretar a Marina?

É de lonxe unha das cousas máis difíciles que fixen na miña vida. Foi moi complexo a nivel emocional, pola forma en que me fun adentrando no personaxe e como fun convertendo todas as miñas emocións para lles dar vida propia. Por outra parte, foi unha das experiencias máis gratificantes. Foi unha tremenda honra ser dirixida por Sebastián e formar parte dunha equipa na que todos nos sentimos moi unidos e especiais polo feito de participar do proxecto.

Que agardas que pase co filme?

Gustárame que o vexa moita xente, poder

ver as súas reaccións e descubrir como entendemos as relacións e os afectos, como concibimos o amor.

“Gustárame que o espectador se entregue a unha viaxe desafiante cos brazos abertos”

Entrevista con Sebastián Lelio

Como concibes *Una mujer fantástica*?

Gústame pensar que o filme, ao igual que Marina, non lle ten medo ao pracer e que, tal cal ela, posúe unha superficie rechamante. Tenta combinar o pracer narrativo e visual buscando cativar, unha sorte de cabalo de Troia cargado de humanidade.

Cal é o teu desafío como director co filme?

Gustárame que o espectador acabe intimamente unido a Marina. Que, alén das súas crenzas, valores ou visión de mundo, de tanto observala, remate sentindo coma ela, e que de tanto sentila queira vela sobrevivir e prevalecer. O cinema convidanos a sentir como outros, a experimentar emocións que moitas veces nos resultan novas e estes achádegos ocorren non tanto nos filmes como nos espectadores mesmos. O cinema aprovisiónanos para a vida e permítenos explorar a nosa elasticidade espiritual. Gustárame que o espectador se entregue a unha viaxe desafiante e que o faga cos brazos abertos.

Cal foi o teu percorrido desde *Gloria* (2013) a *Una mujer fantástica*? Sinto

que este filme é unha construción máis complexa que *Gloria* porque é moitos filmes ao mesmo tempo. Mais a pesar de que *Una mujer fantástica* existe nun territorio cinematográfico distinto, que opera moitos máis aló do realismo, ten, ao igual ca *Gloria*, máis inclinación polas preguntas ca polas respostas e, ao mesmo tempo, examina e exalta a un personaxe feminino poderoso.

Nun momento no que o tema transxénero se discute no mundo, en que lugar do mapa se sitúa o filme?

A min cústame filmar xulgando, cústame filmar mirando para abaixo, sentindo que os personaxes están trabucados ou que son inferiores a min. Eu preciso situarme nun lugar onde poida entendela, mesmo aos antagonistas. Cando comezamos a escribir o filme o tema trans non se tiña espallado na cultura popular como o fixo hai ano e medio. De súpeto, a figura do trans desprazouse desde unha marxinalidade malentendida até instalarse nun lugar central do imaxinario actual. Eu creo que o filme comunga intimamente coa identidade do seu personaxe. En español a palabras que se usa para referirse á identidade sexual é a mesma que se emprega para o estilo narrativo: xénero. Nese sentido o filme mesmo é transxénero. É un filme romántico, de pantasmas, de fantasía, de humillación e vinganza, un documento do real, un estudo de personaxe. A identidade do filme mesmo oscila, non se fixa, non se detén e non permite ser reducido a unha soa cousa. O feito de que non poida ser explicado dunha soa maneira é quizais un dos logros máis contemporáneos de *Una mujer fantástica*.

Publicado en <http://bteampictures.es/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Middlesex, Jeffrey Eugenides

Anagrama, 2003

Orlando, unha biografía, Virginia Woolf

Irmás Cartoné, 2014

Cuerpos aliados y lucha política,

Judith Butler. Paidós, 2017

El bebé verde, Roberta Marrero

Lunwerg, 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX